

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DO ANO 2018

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 29 de novembro do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

Grupo político municipal Mixto

NON ASISTE

Non asisten: **JUAN CAAMAÑO REGUEIRA** e **ANTONIO ANTELO AÑÓN**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto. Asiste o Interventor municipal Manuel Martínez Varela

Antes do inicio da sesión o alcalde da lectura a un manifesto – declaración institucional- asinado por todos os grupos municipais contra a violencia de xénero que se copia:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA LARACHA
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
25 DE NOVEMBRO DE 2018

A violencia de xénero constitúe unha das máis degradantes, graves e intolerantes violacións contra os dereitos humanos. É un problema que nos afecta a todas e todos, non só ás mulleres que o padecen. É unha lacra que debe erradicarse da sociedade, e todos e todas debemos aportar o noso gran de area e velar por conseguilo.

Por iso, no Día internacional contra a violencia de xénero, queremos recordar con emoción e afecto a todas e cada unha das mulleres vítimas e ás súas familias, especialmente ás fillas e fillos.

Tamén queremos recordar a todas aquelas mulleres que seguen sufrindo en silencio o maltrato, sobre todo ás vítimas máis vulnerables como:

- As adolescentes, expostas as novas formas de violencia a través das redes sociais.
- As mulleres con algunha discapacidade que moi habitualmente teñen maiores problemas de acceso aos recursos públicos.
- As mulleres de avanzada idade, moitas das cales teñen un longo historial de maltrato e unha dependencia económica que lles fai máis dificultoso saír da situación de violencia.
- As nenas e nenos, que son vítimas silenciosas e que necesitan a nosa protección.

Complementariamente ao traballo que nesta materia o Concello da Laracha desenvolve ao longo de todo o ano en colaboración cos diferentes sectores profesionais (profesorado, persoal médico, forzas e corpos de seguridade do estado e xustiza), en torno ao 25 de novembro, o Día internacional contra a violencia de xénero, impulsouse unha ampla programación municipal na que se fixo partícipe á cidadanía en xeral, con especial fincapé no alumnado dos centros de ensino e tamén nas entidades de carácter deportivo. A iniciativa baseouse en catro claves fundamentais:

- Dicir NON á violencia física, psicolóxica ou de calquera tipo contra as mulleres.
- Adoptar unha actitude de tolerancia cero cos maltratadores.
- Non xustificar ningunha forma violenta contra as mulleres e rexeitar a todos aqueles que a exercen.
- Animar ás mulleres que sofren maltrato en silencio a que o denuncien, comprometéndose a apoialas e acompañalas no proceso para que poidan ter unha nova oportunidade de vida máis xusta e sen violencia.

A Corporación municipal da Laracha anima á cidadanía a unirse a esta mensaxe para que ata o último recuncho da sociedade cheguen os valores da tolerancia, o respecto, a convivencia pacífica e a non discriminación por razóns de sexo como elementos fundamentais para a prevención da violencia e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 27.09.2018, 09.11.2018, 09.11.2018 (extraordinaria urxente)-

Non habendo intervencións, enténdense aprobadas as actas por unanimidade

2.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

Explica o alcalde que neste Pleno dase conta dunha relación de 255 Decretos que se ditaron entre o 27/09/2018 e o 21/11/2018

Non hai intervencións

3 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 RELATIVA A DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Dase lectura á parte dispositiva do Ditame da Comisión Informativa de Facenda de 23 de novembro de 2018, que se copia:

Visto que o concello de A Laracha conta cunha ordenanza fiscal nº 1 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos (BOP nº 184 de 11/08/2014) cuio feito impoñible:

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade administrativa desenvolvida co motivo da tramitación, por instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a administración ou as autoridades municipais
2. Para estes efectos, entenderase tramitada por instancia de parte calquera documentación administrativa que provocase polo particular o redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal, ou polos que este concello esixa un prezo público.

Visto que dacordo co disposto na citada ordenanza no caso de plans urbanísticos de iniciativa particular non se recolle a posibilidade de repercutir os gastos derivados das publicacións nos boletíns oficiais.

Visto o disposto no artigo 17 do RDLex 2/2004 de 5 de marzo:

1. Los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

...

3. Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.

4. En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.

Visto o disposto no artigo 6 da citada ordenanza nº 1 do concello de A Laracha:

Epígrafe primeiro: Documentos expedidos polas oficinas municipais.

Por cada contrato administrativo que se subscriba de obras, bens ou servizos: 4,20 euros.

Epígrafe segundo: Documentos relativos ao servizo de urbanismo.

Por cada certificación que se expida de servizos urbanísticos solicitada por instancia de parte: 10,36 euros.

Por cada informe que se expida sobre características do terreo, ou consulta a efectos de edificación por instancia de parte: 27 euros.

Por cada certificación de datos catastrais emitida mediante acceso ao Punto de Información Catastral do Concello da Laracha: 10 euros.”

Visto o disposto no artigo 22 da lei 7/1985 de 2 de abril:

2. Corresponden, en todo caso, al Pleno municipal en los Ayuntamientos, y a la Asamblea vecinal en el régimen de Concejo Abierto, las siguientes atribuciones:

...

d) La aprobación del reglamento orgánico y de las ordenanzas.

Vista a fiscalización favorable da Intervención municipal e tendo en conta o disposto no artigo 22 da lei 7/1985 de 2 de abril en relación co réxime de delegación de competencias do concello de A Laracha.

Propoño á comisión especial de contas a emisión de ditame positivo á seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, no seu artigo 6, para que quede redactado do seguinte xeito:

Epígrafe primeiro: Documentos expedidos polas oficinas municipais.

Por cada contrato administrativo que se subscriba de obras, bens ou servizos: 4,20 euros.

Epígrafe segundo: Documentos relativos ao servizo de urbanismo.

Por cada certificación que se expida de servizos urbanísticos solicitada por instancia de parte: 10,36 euros.

Por cada informe que se expida sobre características do terreo, ou consulta a efectos de edificación por instancia de parte: 27 euros.

Por cada certificación de datos catastrais emitida mediante acceso ao Punto de Información Catastral do Concello da Laracha: 10 euros.

Por cada publicación en diarios ou boletíns oficiais de plans urbanísticos de iniciativa particular: o custe da publicación.

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio no BOP da Coruña e abrir un período de información pública por un período de 30 días, aos efectos de que os interesados poidan examinalo expediente e, no seu caso, presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario.

Sométese a votación o ditame da Comisión Informativa resultando aprobado por 14 votos a favor (12 do PP e 2 do BNG) e 1 abstención (do PSOE)

4.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE ASIGNAR OU MODIFICAR OS NOMES DE 36 RÚAS E 6 PRAZAS PÚBLICAS DE PAIOSACO, A LARACHA E CAIÓN.

O alcalde comeza a súa exposición dicendo que dende o ditame fíxose necesario modificar a proposta de nome de dúas rúas por estar os nomes propostos xa usados. Plantéxase polo tanto que quede o Ditame da Comisión informativa de Asuntos xerais de 23 de novembro de 2018 tal e como estaba salvo a 1º Travesía Santa Lucía que queda como Rúa Isabel Zandal Gómez e a 2º Travesía Eusebio Bértoa Queijo que queda como Rúa Urbano Lugrís.

Con estas dúas modificacións, sométese a votación plenaria o seguinte acordo:

Os rúas dos núcleos urbanos da Laracha, Paiosaco e Caión requiren dunha ampla revisión impulsada por varios motivos, xa que certas vías e prazas públicas carecen de nome, outras poden levar a confusión ao coincidir co topónimo de lugares ou parroquias do termo municipal, outras son

denominadas actualmente travesías cando teñen condición de rúa e nun caso a modificación promóvese en cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

A Xunta de Portavoces, na reunión celebradas o día 23 de outubro, acordou facer partícipe á veciñanza do Concello da Laracha na toma de decisións á hora de escoller os nomes para as rúas e prazas afectadas. Así, a través da web e das redes sociais municipais realizouse unha consulta popular entre o 2 e o 18 de novembro de 2018 na que se convidou a participar a todas as persoas empadroadas no termo municipal da Laracha maiores de 18 anos de idade, recibíndose un total de 202 votos válidos.

A proposta que se eleva ao Pleno da Corporación Municipal faise en base ao resultado desa consulta popular, propoñendo para as rúas e prazas obxecto do cuestionario os nomes máis votados polas persoas participantes.

Núcleo urbano de A Laracha:

- Renomear a 1ª Travesía Doutor López Astray como Rúa Maruja Mallo.
- Renomear a 2ª Travesía Doutor López Astray como Rúa Clara Campoamor.
- Renomear a 3ª Travesía Doutor López Astray como Rúa Ramón Cabanillas.
- Nomear a Travesía da Avenida de Caión (inicio da estrada de Caión) como Rúa Ponte da Balsa.
- Renomear a 1ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo como Rúa María Mariño.
- Renomear a 2ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo como Rúa urbano Luguís.
- Renomear a 3ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo como Rúa Emilia Pardo Bazán.
- Renomear a 1ª Travesía Médico David Mallo Gómez: Rúa Enrique Muiño.
- Renomear a 1ª Travesía Santa Lucía como Rúa Isabel Zandal Gómez.
- Renomear a Rúa Montemaior como Rúa Río Bradoso.
- Renomear a Rúa Paiosaco como Rúa Río Acheiro.
- Nomear a rúa sen nome entre a Avenida Fisterra e A Gándara como: Rúa Canta La Rana.
- Nomear a praza na que se sitúa a Casa Consistorial como Praza do Concello.
- Nomear a praza entre as rúas Manuel Murguía, Rosalía de Castro e Lino Gómez Canedo como Praza O Recreo.
- Nomear a praza fronte á biblioteca municipal da Laracha e o IES Agra de Leborís como Praza Olonne sur Mer.
- Nomear a praza xunto á Casa da Cultura como Praza da Cultura

Núcleo urbano de Paiosaco:

- Renomear a 2ª Travesía Avenida Bergantiños como Rúa Cabana de Bergantiños.
- Renomear a 3ª Travesía Avenida Bergantiños como Rúa Ponteceso.
- Renomear a 4ª Travesía Avenida Bergantiños como Rúa Malpica de Bergantiños.
- Renomear a 5ª Travesía Avenida Bergantiños como Rúa Coristanco.
- Nomear a rúa traseira entre a 2ª e 3ª Travesías Avenida Bergantiños (sen nome) como Rúa Laxe
- Renomear a 1ª Travesía José Loureiro González como Rúa da Braña.

- Renomear a 2ª Travesía José Loureiro González como Rúa Xosé Neira Vilas.

Núcleo urbano de Caión:

- Renomear a Rúa Carrero Blanco como Rúa da Torre.
- Renomear a 1ª Travesía Carrero Blanco como Rúa Argazo.
- Renomear a 2ª Travesía Carrero Blanco como Rúa dos Percebeiros.
- Renomear a 1ª Travesía Praza Eduardo Vila Fano como Rúa dos Mariñeiros.
- Renomear a 2ª Travesía Praza Eduardo Vila Fano como Rúa das Baleas.
- Nomear a rúa entre a Avenida da Laracha e a Rúa das Pías (sen nome) como Rúa Costa do Pichón.
- Nomear a rúa entre a Avenida da Laracha e a Rúa Luis Varela Curbera (sen nome) como Rúa do Lavadoiro.
- Nomear a rúa de nova creación que se abrirá no Campo da Insua como Rúa Muíño do Vento.
- Nomear a vía aberta na Avenida Méndez Núñez, que coincide co final do Rueiro das Figueiras, como Rúa Hortas do Concheiro.
- Renomear a 1ª Travesía Campo da Insua como Rúa das Redeiras.
- Renomear a 2ª Travesía Campo da Insua como Rúa das Atadoras.
- Renomear a 1ª Travesía Rueiro das Figueiras como Rúa das Traíñas.
- Renomear a 1ª Travesía San Roque como Rueiro de Leis.
- Renomear a 2ª Travesía San Roque como Rueiro da Fonte.
- Renomear a 3ª Travesía San Roque como Rueiro da Igrexa.
- Nomear a praza situada no final da Rúa do Carme, detrás da cetárea (sen nome) como Praza Punta das Ondas.
- Renomear a Estrada As Salgueiras como Rúa da Praia.

Sométese a votación o Ditame modificado, resultando a favor por unanimidade

O BNG lembra o seu desexo de que nunha futura nome designación de nomes, se teña en conta o de Ramiro Suárez.

5.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE COSTES DO SERVIZO MUNICIPAL DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DA LARACHA

Dase lectura á memoria proposta relativa á estrutura de costes do servizo municipal do ciclo da auga no Concello da Laracha, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais de 23 de novembro de 2018, do que se incorpora a parte dispositiva:

Elévase a seguinte proposta de resolución ao pleno da Corporación:

1º.- *Aprobar a proposta de estrutura de Costes do servizo municipal do ciclo integral da auga do concello da Laracha, recollida no Informe que se Anexa ao acordo e así consta no expediente*

2º.- *Acórdase someter a información pública por un prazo de 20 días dita Proposta de estrutura de costes que poderá ser examinada nas oficinas xerais do concello da Laracha.*

3º.- *Dar conta das alegacións presentadas no trámite de información pública ao Pleno para a súa valoración. No caso de que non se formulen alegacións, remitirase a proposta ao órgano autonómico*

consultivo en materia de contratación pública aos efectos do previsto no artigo 9.7d) do Real Decreto 55/2017 de 3 de febrero

Explícase que é un trámite legal previo ó inicio do expediente para a adxudicación nova do servizo. Sométese a votación resultando aprobada por 12 votos a favor do PP e 3 abstencións (2 do PSOE e 1 do BNG)

6.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O grupo municipal do BNG presenta unha moción de urxencia que se corresponde co nº de rexistro 5913, data 02/11/2018, cuxa parte dispositiva reza:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

1º.- A inmediata redución do Imposto de Valor engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

2º.- Que eclúa a galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de titulación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

3º.- Modificar a Lei 24/2013 de 26 de decembro do sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega e que Galiza poida beneficiarse pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes mais baixas que permitan un abaratamento para os consumidores domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e mediomambientais das instalacións de produción

Intervén o concelleiro do grupo municipal do PP José Ramón Martínez Barbeito e explica os motivos polos que o seu grupo vai votar en contra da urxencia da moción.

Cópiase:

A rebaixa do IVE que solicitan na moción é competencia do goberno central. Polo tanto, en todo caso insten directamente ao goberno de España e non á Xunta.

En relación ao apartado 2, a Xunta xa solicitou ao Goberno que atenda as alegacións de Galicia á orde que establece os suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013. De non ser así, xa adiantou que vai solicitar a súa suspensión cautelar mentres non se resolva o recurso que a Administración galega xa ten interposto contra esta medida.

Os impostos medioambientais que aplica a Xunta non gravan as actividades ou instalacións destinadas a subministración eléctrica, polo que en ningún caso se poden incluír nos suplementos territoriais para que sexan aboados polos consumidores galegos. Esta é unha situación que afecta a 14 das 17 Comunidades Autónomas polo que estamos a falar dun problema que non é exclusivo de Galicia, senón de todo o Estado.

Por último, a tarifa eléctrica galega sería prexudicial para Galicia como afirman a maioría dos expertos consultados (a excepción dos propostos polo BNG e En Marea) na tramitación da iniciativa lexislativa popular o pasado ano. A enerxía sería máis cara para os galegos, xa que entre outros gastos teríamos que pagar as retribucións ás empresas electrointensivas como Alcoa, peaxes de acceso, maiores custos polas redes de distribución e transportes da enerxía pola orografía, a climatoloxía e a dispersión da poboación, etc.

Sométese a votación a urxencia, unha vez rematada a lectura do argumentario sendo rexeitada esta por 12 votos en contra (do grupo municipal do PP) e 3 votos a favor (1 do PSOE e 2 do BNG)

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

1º PREGUNTA DO BNG 5914RE

Adoptou ou ten previsto adoptar o goberno municipal alguna medida encamiñada a recuperar para o dominio público e garantir a apertura e plena accesibilidade do camino público inventariado co número 5034.1 no Lugar da Tabeira, Golmar?

Contéstaselle que o ter a denunciada ese trozo de camino inscrito no Rexistro da Propiedade ó seu nome, que faise necesario ter que acudir á vía civil para poder loitar contra esa inscrición.

2º.-PREGUNTA DO BNG 6343RE

É habitual que a policía local suba aos domicilios das veciñas e vecinos para aperebilos dos estado das ventanillas ou das chaves no contacto dos seus coches? É un acto habitual que a policía se ocupe da ITV dun vehículo que non está circulando nin foi parado por unha infracción de tráfico e que está perfectamente estacionado na entrada da casa? Considera normal que, logo de multar “en diferido” un sábado de agosto un axente da Policía Local (un auxiliar neste caso) suba a montar “un numerito” a un domicilio particular en vez de adicarse a regular o caótico tráfico de acceso ás praias? Trátase dun cometido habitual da Policía Local ou ten alguna intencionalidade que descoñezamos a visita, a multa, e a sinalización da liña amárela que impide o desenvolvemento habitual dos usos dunha casa (onde non había entorpecemento ningún de tráfico)?

Contesta o alcalde á pregunta e dille ao concelleiro portavoz do BNG todas as infraccións que cometeu a propietaria, quen foi advertida polo policía. Explica tamén o alcalde por qué se pintou a liña amárela.

Di o alcalde que valora a labor da Policía Local

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a sesión sendo as 14.15h